



MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN PARA SOLICITAR UN ESPAZO PÚBLICO NA NOSA CIDADE PARA FERNANDO MIRAMONTES

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para solicitar un espazo público na nosa cidade para Fernando Miramontes.

Exposición de motivos

O pasamento de Fernando Miramontes deixa un baleiro difícil de encher na historia recente da cidade. Unha persoa de ben, que sempre antepuxo as necesidades colectivas e a procura da igualdade aos intereses persoais, polo que consideramos que ben merece un recoñecemento da cidade.

Fernando é Ferrol. Fernando se volveuse a nacer sería comunista, deixou dito. Pero Fernando transcende as ideoloxías e as marcas políticas, os bandos e as loitas intestinais das arquitecturas políticas ficticias. Fernando desenvolveu os seus cargos públicos en contacto permeable e permanente coa cidade, que el entendía como o conxunto dos seus habitantes, adicando gran parte da súa vida a procurar que as súas necesidades básicas quedasen cubertas, deixando nesas incipientes corporacións democráticas, o cerne dun futuro Ferrol que hoxe podemos gozar, con carencias, ás veces denostado inxustamente

e mellor valorado polos foráneos que polos autóctonos, pero o noso Ferrol, o de todas e todos.

Fernando Miramontes foi o Primeiro Tenente de Alcalde que máis veces exerceu coma Alcalde accidental, polo que consideramos que o seu retrato debe colocarse nas paredes do Salón de Plenos xunto cos dos outros Alcaldes da nosa cidade.

Non só desenvolveu ese papel público e democrático con xenerosidade, tamén loitou nunha ditadura tardía e nos seus últimos estertores brutais por restablecer unha democracia longamente usurpada durante catro décadas. Malia sufrir tortura e represión, cadea e inxustizas, nunca delatou a ninguén, mantívose firme na camaradería e na construción da masa social necesaria para tombar un réxime atroz. Sen Fernando non se entende Ferrol, e Ferrol debe entender a figura de Fernando, que non caia no esquecemento a súa vida exemplar, a súa altura de miras na conformación de gobernos a favor da xente máis desfavorecida, por enriba de inquinas ou rancores.

Que mellor sitio para lembralo de por vida que o seu barrio, Canido, tal e coma numerosas entidades, persoas a título individual e a propia Asociación Veciñal demandou a través dun escrito, amosando o cariño que todo o barrio lle tiña a Fernando.

É por iso que Ferrol en Común somete a votación esta MOCIÓN para ser aprobada polo Pleno do Concello de Ferrol, na que solicita a adopción dos seguintes acordos:

- 1- Reserva dun espazo público no barrio de Canido para Fernando Miramontes que convértase nun lugar de recoñecemento público e indeleble, para que Fernando sexa coñecido e recoñecido por nós, pero tamén polas vindeiras xeracións.

2- Colocación dun retrato de Fernando Miramontes no Salón de Plenos do Concello de Ferrol, co fin de recoñecer a súa gran traxectoria política.

Ferrol, 25 de xaneiro de 2020

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común